

# O PORTFOLIO EUROPEO DAS LINGUAS. REFLEXIÓNS E IDEAS PARA A SÚA POSTA EN PRÁCTICA NA AULA

Ignacio M. Palacios Martínez  
Universidade de Santiago de Compostela

## Introdución

No ano 2001 prodúcese un fito importante no ensino e aprendizaxe de linguas en Europa coa publicación do *Marco Común Europeo de Referencia para as linguas: ensino, aprendizaxe, avaliación* (MCER)<sup>1</sup>. Verdadeiramente compría ter un documento destas características que, aglutinando as tendencias máis importantes e representativas neste eido, unificara criterios e outorgara coherencia a todo o sistema educativo nesta área concreta. Certamente ata ese momento estábamos a manexar diversas etiquetas como “inicial”, “básico”, “elemental”, “pre-intermedio”, “avanzado”, etc. para referirmos aos distintos niveis de competencia lingüística que resultaban ambiguas e abstractas, e que tiñan un significado distinto segundo a persoa e o contexto onde se utilizaran. Se para o profesor A, por exemplo, un determinado manual era axeitado para alumnos cun nivel intermedio, para o profesor B encaixaba mellor nun grupo de estudantes cun coñecemento da lingua máis avanzado. O mesmo ocorría á hora de clasificar os alumnos en distintos cursos e grupos; non se traballaba con descritores e criterios obxectivos que todos entendéramos e que non deran lugar ao equívoco. Noutras palabras, falábase dun curso intermedio ou dun alumno cun nivel intermedio sen saber moi ben a qué nos referíamos ou con qué criterios transparentes e concretos fora establecido. Todo isto se facía aínda máis complexo se nos trasladábase dun país a outro ou se consultábase a persoas de procedencia distinta, xa que os seus puntos de referencia eran xeralmente moi distintos. Incluso, en ocasións, determinados exames de relevancia internacional como os de Cambridge para o inglés ou os do Goethe para o alemán servían como base na indicación de niveis xerais de competencia lingüística.

O MCER, sen dúbida ningunha, supuxo un avance importante nese respecto, favoreceu a mobilidade dos cidadáns europeos e preparou o terreo para o mutuo

---

<sup>1</sup> A primeira versión publicouse en lingua inglesa polo Consello de Europa. A súa edición correu a cargo de Cambridge University Press. Un ano máis tarde viu a luz a tradución ao español editada de forma conxunta polo Ministerio de Educación, o Instituto Cervantes e a editorial Anaya. A versión galega douse a coñecer en 2004, preparada polo Instituto Ramón Piñeiro por encargo da Xunta de Galicia. A versión española en formato electrónico está dispoñible en, <http://www.cervantes.es/> e a galega en [http://www.edu.xunta.es/contidos/rede\\_linguas/files/Marco%20Europeo](http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas/files/Marco%20Europeo)

recoñecemento de diplomas, exames e certificacións relacionadas coa aprendizaxe de linguas.

A pesares deste avance introducido polo MCER, é xusto recoñecer que resta aínda moito camiño por percorrer e os seus presupostos e principios non calaron entre a comunidade educativa, alomenos no noso país. A maior parte do profesorado oira falar do *Marco* pero non tiña ou ten aínda agora unha idea clara do que se pretendía e das implicacións do mesmo. Por esa razón, era necesario contar cunha ferramenta de traballo concreta que, asumindo as liñas mestras establecidas polo MCER, tivera unha aplicación directa na aula e se presentara de modo máis comprensible. Non debemos esquecer que a gran maioría dos docentes desexan ferramentas concretas por riba de regulacións ou normativas máis ou menos interesantes ou transcendentales. Desde esa perspectiva naceu o Portfolio Europeo de Linguas (PEL), coma un instrumento cun alto valor didáctico para ser empregado na clase e polo aprendiz.

## **2. O Portfolio europeo das linguas: Funcións**

Pódese dicir que o PEL cumpre dúas funcións importantes: por unha banda, unha función informativa-administrativa, xa que da conta das competencias lingüísticas que posúe o seu usuario ademais de todo o seu currículo ou traxectoria no que respecta á aprendizaxe de linguas; por outra banda, cumpre tamén unha función didáctica, xa que pode servir para que o alumno consolide e siga aprendendo as linguas que está a estudar o coas que mantén contacto. A aprendizaxe das linguas do usuario do PEL non se restrinxe unicamente ao traballo realizado na aula senon tamén fóra da mesma, é dicir, préstase atención tanto á instrución formal como aos coñecementos e competencias adquiridos fóra da aula.

A maior parte dos especialistas en didáctica das linguas están de acordo en considerar a sección da biografía lingüística do PEL como a de máis posibilidades didácticas mentras que as outras dúas, é dicir, o pasaporte e o dossier, reforzarían máis a vertente informativa e administrativa<sup>2</sup>.

Nos últimos anos estanse a impartir numerosos cursos e seminarios de formación de profesorado onde se explican os obxectivos do PEL, as súas modalidades e

---

<sup>2</sup> Para obter unha visión de conxunto sobre os obxectivos, contidos, modalidades e desenvolvemento do PEL, pódese consultar Conde (2006) e a páxina Web do Consello de Europa: <[http://culture2.coe.int/portfolio/inc.asp?L=E&M=St/208-10-1/main\\_pages/welcome.html](http://culture2.coe.int/portfolio/inc.asp?L=E&M=St/208-10-1/main_pages/welcome.html)>, así como o volume 9 da revista *Mosaico*, adicado de forma monográfica ao MECR e ao PEL. Está dispoñible en: <[http://www.sgci.mec.es/be/media/pdfs/articulos/Mosaico09\\_2pdf.>](http://www.sgci.mec.es/be/media/pdfs/articulos/Mosaico09_2pdf.>)

compoñentes. Algo similar é reseñable das diversas publicacións que se centran neste tema. Sen embargo, pouco estase a informar sobre as súas implicacións didácticas e a súa utilización na aula. Ben é verdade que as guías didácticas correspondentes a cada versión do PEL simplifican e facilitan este traballo<sup>3</sup> pero aínda así bótanse en falla ideas claras e propostas tanxibles do uso do PEL cos nosos alumnos<sup>4</sup>.

### **3. O Portfolio europeo das linguas coma ferramenta didáctica**

Pola miña experiencia co PEL recomendaría que non se utilizara como se dun manual ou libro de texto se tratara<sup>5</sup>. Esta foi unha das dificultades máis serias coa que nos atopamos. O noso punto de partida foi concebir o PEL como un material didáctico que seguía unha orde secuencial, do mesmo xeito que nun libro de texto tradicional comezamos coa unidade 1 para despois seguir coa 2 y así sucesivamente. Despois de traballar varias semanas có portfolio decatámonos que desa maneira este instrumento didáctico perdía o seu valor e a súa novidade, e se convertía nunha mera sucesión de fichas de traballo que os alumnos ían completando coa nosa axuda sen conseguir os obxectivos que se pretendían: reflexión e autonomía na aprendizaxe, exercicio da autoavaliación, fomento da interculturalidade, etc. Despois desta experiencia chegamos a conclusión de que o profesor debe intentar integrar principios e materiais do PEL na marcha normal da clase máis que organizar a clase en función ou arredor do mesmo. É posíbel que nun día o nunha semana nos centremos no pasaporte e na seguinte nun aspecto da biografía lingüística; incluso podemos iniciar ao alumno no uso do PEL desde o dossier, animándoo a que recolla mostras dos seus traballos, certificados, informes, proxectos, enquisas e as mostre aos demais proporcionando detalles sobre cada un deles.

### **4. Actividades prácticas co PEL**

Despois desta breves consideracións sobre o contexto onde xurdiu o PEL e a súa experiencia de uso, nas próximas páxinas voume concentrar fundamentalmente en

---

<sup>3</sup> En canto ás guías didácticas, convén indicar que existe unha para cada modalidade do PEL, é dicir, educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e adultos. Estas guías son accesibles a través da páxina web do MEC. Tamén se pode conseguir a guía de Little e Perclová (2001) en versión española, así como una relación actualizada dos coordinadores do proxecto PEL en cada comunidade autónoma en: <<http://www.mec.es/programas-europeos/jsp/plantilla.jsp?id=343>>

<sup>4</sup> Entre as publicacións que abordan a posta en práctica do PEL na aula merecen unha especial atención a monografía editada por Cassany (2006) e o volume 58 da revista *Carabela*, se ben esta última está centrada de maneira exclusiva na aula de español como lingua estranxeira.

<sup>5</sup> Para máis detalles sobre a experimentación do PEL, véxase Cassany (2006), e Palacios e Núñez (2006).

determinados aspectos novedosos do PEL, suxerindo unha serie de actividades xenéricas para a súa posta en práctica na aula. Aínda que moitas destas xa se experimentaron con estudantes de inglés e de español para estranxeiros así como en seminarios e obradoiros de formación de profesores, comprerá adaptalas de acordo co nivel, o perfil dos discentes e a lingua coa que esteamos a traballar.

As aportacións máis salientables do PEL pódense resumir como segue:

#### *4.1. Fomento da autonomía na aprendizaxe*

Cómpre subliñar que o PEL está concebido para ser utilizado de maneira flexible, tanto fóra como dentro da aula, e persegue que o alumno sexa conscente da súa aprendizaxe e tome conciencia da mesma. Precisamente unha das grandes deficiencias do noso sistema educativo, e o ensino de linguas non é excepción, ven dada polo feito de que os nosos alumnos non están preparados para aprender novos coñecementos ou competencias fóra da aula por se sós. O noso sistema de traballo baséase fundamentalmente na actividade desenvolvida no seo da aula, guiada e controlada férreamente polo docente; sin embargo, non prepara ao discente para que explore novas vías de xeito independente e asuma así verdadeira responsabilidade no que está a aprender. O PEL, polo contrario, pon o seu acento neste aspecto: a necesidade de aprender a aprender e de que o alumno se convirta nun ser autónomo que poida avanzar e progresar ao longo de toda a súa vida. Nesta liña, a aprendizaxe de linguas non se restrinxe unicamente a un determinado prazo no tempo, que pode ou non coincidir co período de ensino obrigatorio, senon que vai moito máis aló; trátase dunha competencia que se vai desenvolvendo ao longo da vida dun individuo.

Moi frecuentemente observamos como os nosos estudantes, unha vez que rematan coa súa formación regrada, conclúen tamén co estudo das linguas, o cal leva a un abandono e, como consecuencia, a un case total esquecemento das mesmas por falla de práctica e estudo. Resulta paradóxico que un gran volume de horas de traballo e adicación así como unha gran dotación de recursos materiais, persoais e económicos se dilapidan desta maneira en pouco tempo. Por iso é importante artellar iniciativas e accións que sirvan para perdurar o coñecemento de linguas no tempo<sup>6</sup>.

---

<sup>6</sup> De acordo cos informes existentes na actualidade sobre o coñecemento de linguas estranxeiras por partes dos cidadáns españoles en relación coa media europea, todo indica que xunto con Italia, Grecia e o Reino Unido ocupamos o vagón de cola, o cal sen dúbida ningunha debería ser motivo de preocupación

A continuación se presentan un conxunto de actividades en consoancia con este obxectivo de potenciación da autonomía do aprendiz.

### Familiarizándose cos distintos niveis de competencia lingüística

**Obxectivos:**

Dar a coñecer aos alumnos a existencia dos niveis de competencia lingüística establecidos polo MCER e familiarizalos co seu uso e implicacións có fin de favorecer posteriormente o proceso de autoavaliación.

**Tipo de interacción:**

Para a introdución e instrucións trabállase con toda a clase co fin de que nunha fase posterior o alumno realice a tarefa individualmente.

**Desenvolvemento:**

Trátase dun exercicio básico de emparellamento que consiste en que os alumnos establezan correspondencias a través de flechas ou similar entre os nomes dos niveis de competencia e a súa forma abreviada.

**Materiais necesarios:**

Táboa de acordo co modelo que se axunta a continuación.

Nivel de competencia lingüística	Forma abreviada
Nivel soleira	B2
Mestría	C1
Nivel avanzado	A2
Nivel autonomía	C2
Nivel elemental	A1
Nivel inicial	B1

---

para as autoridades educativas que se tería que concretar nun plan de formación en linguas estranxeiras realista e eficiente, para dar resposta a esta situación. Para máis detalles sobre os europeos e as súas actitudes hacia as linguas, pódense consultar Palacios (2004) e os informes dos Eurobarómetros EB54.1 and EB64.3, *European and languages* and *Europeans and their languages* que datan do 2001 e 2006 respectivamente, e que foron publicados pola Dirección Xeral de Educación e Cultura do Consello de Europa. Estos documentos están dispoñibles nas direccións web seguintes:

**Variacións e comentarios:** Exercicio moi sinxelo que non reviste ningunha dificultade pero que pode servir para introducir aos alumnos no coñecemento, significado e implicacións da terminoloxía empregada para referirse os niveis de competencia lingüística de acordo co MCECER. A actividade que se propón a continuación pode complementala.

### Familiarizándonos cos descritores de autoavaliación

**Obxectivos:**

Dar a coñecer aos alumnos a existencia dos descritores e familiarizalos co seu funcionamento e implicacións con vistas a preparalos para o proceso da autoavaliación.

**Tipo de interacción:**

A presentación e as instrucións fanse con toda a clase para despois traballar en parellas.

**Desenvolvemento:**

Preséntanse unha táboa cunha selección de descritores con indicación da destreza e do nivel correspondente. Os alumnos terán que completar as columnas baleiras.

**Materiais necesarios:**

Táboa (ver exemplo adxunto) e planilla xeral cos descritores de autoavaliación.

Descritor	Destreza	Nivel
Presento descrições claras e detalladas sobre temas complexos que inclúen outros temas, desenvolvo ideas concretas e remato cunha conclusión apropiada.		
	Conversar	B2
Comprendo palabras e nomes coñecidos e frases moi sinxelas,		

como, por exemplo, as que hai en letreiros, carteis e catálogos.		
	Falar	A1
Son quen de escribir notas e mensaxes breves e sinxelas relativas ás miñas necesidades inmediatas. Podo escribir cartas persoais moi sinxelas, como, por exemplo, agradecéndolle algo a alguén.		
Son quen de ler artigos e informes relativos a problemas contemporáneos nos que os autores adopten posturas ou puntos de vista concretos. Comprendo a prosa literaria contemporánea.		
	Escoitar	C2
<p><b>Variacións e comentarios:</b> En principio pode parecer un exercicio demasiado simple pero serve moi ben para o introducir o tema dos descritores e das destrezas. É posible facela aínda máis complexa presentando seccións dos descritores en lugar da versión completa.</p>		

### Descifrando un texto

**Obxectivos:**

Fomentar a autonomía a través do adestramento do alumno en estratexias de aprendizaxe, e máis concretamente en estratexias de lectura.

Iniciar ao alumno no camiño do “aprender a aprender”.

**Tipo de interacción:**

Nun principio a presentación da actividade é dirixida a toda a clase. Despois é aconsellable traballar en grupos.

**Desenvolvemento:**

Preséntase aos alumnos un texto nunha lingua que descoñezan e se lles pide que intenten extraer información e comprender o máximo posibel do mesmo. En grupos de catro ou similar, len o texto durante un tempo prudencial, arredor de dez minutos. A

continuación, faise unha posta en común e compróbase o que foron capaces de entender e cómo chegaron a esas conclusións, é dicir, os mecanismos ou estratexias que empregaron para acadar esos resultados. Como colofón final, o profesor na pizarra fai una listaxe de todas as estratexias de comprensión lectora utilizadas e failles aos alumnos tomar conciencia da importancia das mesmas.

### **Materiais necesarios:**

Un texto que non sexa demasiado complexo nin longo nunha lingua estranxeira que non sexa totalmente allea ao alumno. A modo de exemplo incluímos os seguintes. O primeiro proporciona información en romano sobre a Universidade de Bucarest mentras que o segundo é unha pequena canción para aprender sueco.

### **Scurta carte de vizită**

Universitatea din București este una din cele mai importante instituții de învățământ superior din Romania. În cei aproape 140 ani de existență, ea a ajuns să un solid prestigiu național și internațional. În toate marile domenii ale activității academice și științifice s-au afirmat școli de renume. Mulți dintre absolvenții Universității s-au afirmat ca personalități de seamă: profesori și cercetători la majoritatea marilor universități ale lumii, membri ai Academiei Române și ai unor academii din alte țări, scriitori, politicieni (parlamentari, miniștri, prim-miniștri, președinți), diplomați, înalți prelați etc.

### **Tradución**

#### ***Unha pequena tarxeta de visita***

*A Universidade de Bucarest é unha das institucións máis importantes de ensino superior en Rumania. Ten aproximadamente 140 anos de existencia, e hoxe en día goza dun sólido prestixio nacional e internacional. É un centro de renome en todos os eidos e actividades académicas. Infunde persoalidade propia a todos os seus alumnos: moitos destes son na actualidade profesores universitarios, membros da Academia rumana, escritores, políticos (parlamentarios, ministros, primeiros ministro, presidentes), diplomáticos, sacerdotes, etc.*

### **Idag är det torsdag**

Idag är det torsdag.  
Vi sitter i hörsal 4  
på Stockholms universitet.  
Vi är många studenter.  
Vi studerar svenska.  
Det är roligt.  
Svenska är ett fantastiskt språk!

Det är february.  
Det är kallt ute.  
Men här inne är det varmt.  
Vår lärare heter Roger.  
Han är svensk.  
Han talar svenska.  
Han är från Stockholm.

***Tradución***  
***Hoxe é xoves***



*Hoxe é xoves.  
Estamos na aula 4  
da universidade de Estocolmo.  
Somos moitos alumnos. Estamos a estudar sueco.  
É divertido.  
O sueco é unha lingua fantástica.*

*É febreiro.  
Fai frío fóra  
pero aquí fai calor.  
O noso profesor chámase Roger.  
É sueco.  
Fala sueco.  
É de Estocolmo.*

**Variacións e comentarios:**

Normalmente é unha actividade que funciona ben na aula sobre todo si os alumnos están familiarizados con varias linguas xa que deste xeito poñen en funcionamento toda a súa bagaxe e experiencia lingüística. Pode resultar moi interesante sobre todo se o perfil do grupo non é monolingüe senon multilingüe pois pode axudar a establecer sistemas de axuda e cooperación entre os mesmos.

**Avaliando a expresión oral dunha persoa estranxeira**

**Obxectivos:**

Facer reflexionar ao alumno sobre a destreza de expresión oral incidindo na distinción establecida no MCER e no PEL entre “conversar” e “falar”, é dicir, ser capaz de facer unha presentación oral e ser quen de poder interactuar nunha conversa.

Fomentar a autoavaliación sobre todo no referido á destreza de expresión escrita.

**Tipo de interacción:**

Nun principio a presentación da actividade é dirixida a toda a clase. Despois é aconsellable traballar en parellas ou incluso en grupos.

**Desenvolvemento:**

O profesor presenta un vídeo ou un documento sonoro no que unha persoa estranxeira está a utilizar unha lingua da que os alumnos teñan un bo coñecemento, pode ser a súa

lingua materna ou unha lingua ambiental<sup>7</sup>. Os alumnos escoitan a gravación e a continuación, en parellas o en pequenos grupos, avaliana de acordo cos descritores xenéricos referidos á expresión oral. Despois de traballar en grupos, faise unha posta en común tratando de ver as coincidencias e as diferenzas. O profesor ao mesmo tempo pode solicitar explicacións en torno as decisións tomadas polos distintos grupos.

**Materiais necesarios:**

De ser posíbel é preferible traballar cun documento auténtico tomado directamente da televisión ou da radio. Os alumnos sentiranse máis interesados se o autor é unha persoa coñecida coma pode ser un deportista, actor o personaxe famosa.

**Variacións e comentarios:**

De ter dificultades para atopar o documento sonoro, podese pedir axuda aos mesmos alumnos que deste xeito se sentirán máis implicados na clase.

*4.2. Atención á diversidade* (distintos perfís, estilos de aprendizaxe, contextos, niveis, motivacións, expectativas, etc.)

As distintas versións do PEL están concebidas para o seu uso nas distintas etapas educativas, desde a educación infantil ata a educación para adultos. Non existe de antemán un perfil de alumno preconcebido ao que vai dirixido. En principio, todo usuario do mesmo poderá atopar nel as súas respostas sen limitación algunha, xa sexa unha persoa cun nivel avanzado ou cun nivel básico, e incluso se a disparidade de niveis conviven nun mesmo grupo de estudantes, circunstancia bastante común por outra banda na clase de idioma. Non se trata tampouco de favorecer un determinado estilo de aprendizaxe nin de potenciar unha metodoloxía de traballo específica en detrimento doutras. Unha das grandes virtudes do PEL é precisamente a súa flexibilidade. Ademais, o PEL está aberto, sen excepción, a todas as linguas que os usuarios utilizan, coas que conviven e manteñen contacto en calquera contexto onde se esté a aprender, xa sexa nun curso tradicional ou nun seminario de apoio, ou como actividade extracurricular. As

---

<sup>7</sup> O PEL fai unha distinción clara entre *linguas ambientais*, que son as utilizadas no entorno do suxeito incluíndo a lingua materna, e as *non ambientais ou estranxeiras*. No entorno da nosa comunidade, o galego e o castelán serían as linguas ambientais mentras que as que se aprenden no centro escolar, principalmente o inglés e o francés, serían as estranxeiras. No caso dunha persoa inmigrante a súa situación lingüística será máis complexa; así, por exemplo, un inmigrante de orixe marroquí que vive na nosa comunidade tería como posibles linguas ambientais o árabe/bereber, e/ou francés, o galego e o castelán.

restriccións que poden existir virán dadas polos propios aprendices que son os que establecen os seus obxectivos e metas de aprendizaxe.

Nesta liña cómpre afirmar que o PEL pode servir como vehículo de integración de persoas procedentes doutras culturas e países, e que se incorporan na nosa sociedade. O feito de que se recoñezan as súas linguas como marcas da súa identidade persoal é certamente un paso importante para a súa total integración e aceptación. A este respecto conven tamén sinalar que lamentablemente cando se fala das comunidades de inmigrantes se tende a poñer o acento no lado máis obscuro e negativo, sen salientar a parte positiva do mesmo, non xa desde o punto de vista económico, que quizais sexa o que máis importe ás nosas autoridades políticas, senon moito máis desde unha perspectiva cultural. É evidente que o coñecemento de novas costumes, hábitos e formas de ver o mundo, aínda que sexan frontalmente distintos aos propios, enriquecen ao individuo e a sociedade no seu conxunto.

#### Coñecendo as túas preferencias de aprendizaxe

**Obxectivos:**

Facer conscientes aos alumnos da existencia de distintos estilos de aprendizaxe que se concretan en distintos gustos e preferencias sobre as actividades e a metodoloxía de ensinanza a seguir.

Implicar e motivar máis os alumnos na súa propia aprendizaxe.

**Tipo de interacción:**

Nun principio a presentación da actividade é dirixida a toda a clase. Despois o alumno traballará individualmente.

**Desenvolvemento:**

O profesor presenta un cuestionario cunha listaxe de actividades e pídelle aos alumnos que as valoren nunha escala de 1 ao 5 de acordo coas súas preferencias. Unha vez que os alumnos respostaron a enquisa, pásase a unha posta en común para ver os puntos en común e as diferenzas.

**Materiais necesarios:**

Adxúntase a modo de exemplo un cuestionario sinxelo que pode servir de punto de partida.

*Nunha escala de 1(mínimo) ao 5 (máximo), púntua as seguintes actividades que facemos normalmente na clase de acordo co grao de interese que ten para ti. Prepárate para comentar cos demais as razóns para as túas respostas.*

• Xogos.	1	2	3	4	5
• Ler textos	1	2	3	4	5
• Escribir cartas/postais	1	2	3	4	5
• escoitar cancións	1	2	3	4	5
• Facer exercicios gramaticais	1	2	3	4	5
• Traballar en parellas	1	2	3	4	5
• Traballar en grupos	1	2	3	4	5
• Participar en pequenos debates/discusións	1	2	3	4	5
• Escribir formularios/impresos	1	2	3	4	5
• Facer resúmenes de textos	1	2	3	4	5
• Traducir textos curtos	1	2	3	4	5
• Contar a trama dunha película/libro	1	2	3	4	5
• Dramatizar unha situación	1	2	3	4	5
• Facer presentacións orais	1	2	3	4	5
• Facer dictados	1	2	3	4	5
• Ver vídeos de películas ou documentais para traballar despois sobre eles	1	2	3	4	5
• escoitar historietas/diálogos/anuncios	1	2	3	4	5
• Traballar co libro de lectura	1	2	3	4	5
• Facer proxectos	1	2	3	4	5
• Traballar co ordenador	1	2	3	4	5
• Outras (especifica) .....					
.....					

**Variacións e comentarios:**

Se non se utiliza moi a cotío, esta actividade resulta interesante. Se se fai un uso moi frecuente dela, perderá interese e actualidade.

**Deseñando preguntas para un texto de lectura**

**Obxectivos:**

Dar renda solta as inquedanzas dos alumnos de acordo coas súas preferencias e intereses.

Desenvolver destrezas de comprensión lectora.

**Tipo de interacción:**

Nun principio a presentación da actividade estará dirixida a toda a clase. Unha vez impartidas as instrucións, os alumnos traballarán en parellas.

**Desenvolvemento:**

O profesor entrega a cada parella de alumnos un texto que non revista demasiada dificultade pero cuxo nivel sexa un pouco superior ao medio da clase. Os alumnos en parellas terán que preparar 5/6 preguntas sobre o texto, tratando de ser o máis orixinais posibles. O formato das mesmas non poderá ser sempre igual. O profesor pode poñer algún exemplo de pregunta, desde as típicas de comprensión (¿Cómo? ¿Por qué? ¿Onde? ¿Cando?) as de verdadeiro/falso, transformar unha determinada estrutura, reescribir algo, etc.). A continuación, procederíase a unha posta en común. O profesor faría unha selección das máis curiosas e interesantes que poderán ser escritas na pizarra para que todos os alumnos da clase as poidan ver e contestar.

**Materiais necesarios:**

Un texto da lingua que se esté a traballar fotocopiado ou escrito nunha dispositiva ou transparencia.

**Variacións e comentarios:**

Nos niveis básicos, pode ser útil comezar cun texto xa traballado na clase. Tamén nos niveis iniciais pode ser positivo como punto de partida realizala primeiro a modo de ensaio na lingua materna do alumno para despois pasar ao uso da lingua estranxeira.

Abrindo horizontes. Facendo preguntas pechadas máis abertas

**Obxectivos:**

Dar resposta aos múltiples intereses e niveis que podemos atopar dentro dunha clase.  
Desenvolver determinadas destrezas lingüísticas relacionadas co compoñente léxico ou gramatical, segundo o caso.

**Tipo de interacción:**

Nun principio a presentación da actividade é dirixida a toda a clase. Unha vez dadas as instrucións, os alumnos traballarán individualmente ou en parellas.

**Desenvolvimento:**

O profesor presenta un exercicio con varias preguntas de elección múltiple onde se proporciona diversas alternativas. Os alumnos en conxunto deciden sobre a resposta correcta e justifican a súa decisión. A continuación, o profesor mostra enunciados de preguntas sen incluír a batería de respostas que terán que ser inventadas polos alumnos, ben individualmente ou en parellas.

**Materiais necesarios:**

Preguntas de elección múltiple acompañadas das súas posibles respostas.

Batería de enunciados sen respostas.

**Variacións e comentarios:**

Aínda que pareza ser unha actividade demasiado sinxela como para poder despertar interese, o feito é que, en liñas xerais, os alumnos se implican bastante e a súa resposta é moi positiva. É moi axeitada para practicar determinados puntos gramaticais e de vocabulario.

#### *4.3. Interdisciplinidade*

Tal como sinalábamos máis arriba, o PEL destaca pola súa flexibilidade a todos os niveis (lingua, perfil do usuario, contexto e situación de aprendizaxe, idade, etapa educativa, etc.), así como por intentar integrar a competencia lingüística dos seus usuarios co resto das competencias que éstos xa poseen ou están adquirindo. Trátase entón de rachar cos compartimentos estancos, establecendo pontes entre materias, coñecementos e competencias, e tratando de completar a formación persoal, académica e profesional do individuo.

Todo isto implica claramente un cambio de punto de vista no sentido de que as persoas deben ser capaces de relacionar ideas, datos, coñecementos e conformalo nun todo. Nesa liña o PEL tamén pode ser explotado desde unha perspectiva interdisciplinar.

O traballo con proxectos acomódase perfectamente para lograr esta interdisciplinidade da que estamos a falar.

Os proxectos destacan por estar centrados enteramente no alumno e perseguir un obxectivo concreto que se ten que plasmar nun produto final. Además polas súas características, favorece a interrelación de conceptos e ideas, e en moitos casos supón a utilización e práctica de coñecementos, habilidades e competencias de áreas diversas.

Os proxectos poden ter obxectivos moi concretos e requirir pouca preparación, ou polo contrario as súas metas poden ter un máis longo alcance e esixir unha planificación detallada e laboriosa<sup>8</sup>. Vou poñer un exemplo de cada tipo, comezando polo máis sinxelo.

#### As cancións nas linguas da clase

**Obxectivos:**

Estudar aspectos culturais a través de cancións populares das linguas da clase.

Relacionar as linguas dos alumnos coas súas culturas.

**Tipo de interacción:**

Unha vez dadas as instrucións e explicados os obxectivos do proxecto, os alumnos traballarán en pequenos grupos.

**Desenvolvimento:**

En primeiro lugar o docente explica que van traballar coas cancións das linguas da clase. Nunha fase preliminar faise unha listaxe das linguas coas que os alumnos están familiarizados, é dicir, coñecen ben ou bastante ben. A continuación, en grupos pequenos seleccionarán unha canción popular de cada lingua, escribirán as súas letras e traballarán con elas tratando de comprendelas. A selección da canción pode conlevar a axuda do profesor da lingua ambiental e das estranxeiras, así como de parte do profesora de música. Incluso a consulta na biblioteca e a través de internet tamén pode ser útil.

Nas sesións seguintes cada grupo presenta á clase, dentro do posíbel, a versión musical destas cancións, explicando o seu significado e salientando de modo especial todos aqueles aspectos que poden estar máis relacionados con temas culturais. No noso contexto é moi probable que nos atopemos alomenos con cancións en español, galego e francés/inglés ademais doutras linguas que determinados alumnos poidan coñecer, ben

---

<sup>8</sup> Para máis información sobre a metodoloxía de proxectos, recoméndase Fried-Booth (1986), Ribé e Vidal (1993), e Ribé (1997).

por proceder doutros países ou ter feito estadías no estranxeiro ou noutras comunidades autónomas.

**Materiais necesarios:**

Letras e versións musicais de cancións populares en cada unha das linguas coas que se vai traballar.

**Variacións e comentarios:**

É evidente que a música pode desempeñar un papel fundamental na clase de lingua, xa sexa a lingua materna ou a estranxeira. Ademais, pode servir para establecer lazos entre as distintas materias curriculares.

Como variante da actividade anterior e de acordo coa situación de ensino/aprendizaxe correspondente, pode ser conveniente que cada grupo de alumnos traballe cunha lingua concreta en lugar de toda a clase coas cancións de todas as linguas. Isto pode simplificar o traballo. Ademais das cancións e seguindo unha modalidade de traballo similar, pódense seleccionar outras áreas temáticas similares nas distintas linguas como poden ser lendas, costumes, festas populares e tradicionais, comidas típicas, persoaxes famosas (escritores, pintores, políticos, músicos, deportistas, etc.), acontecementos de importancia, accidentes xeográficos de interese, etc.

Como exemplo dun proxecto máis complexo, podemos poñer unha viaxe real ou imaxinaria.

**Planificando unha viaxe**

**Obxectivos:**

Preparar unha viaxe cultural no estranxeiro. En caso de que isto non fora posíbel, poderíase preparar unha viaxe utópica ou imaxinaria.

**Tipo de interacción:**

Unha vez dadas as instrucións e explicados os obxectivos do proxecto, os alumnos traballarán en pequenos grupos.

**Procedemento:**



O profesor explica que van organizar unha viaxe cultural a un país onde se fala unha das linguas que están a aprender. Co fin de reducir custes, eles mesmos terán que recoller información de internet, axencias de turismo, oficinas de información co fin de deseñar o itinerario, lugares de visita, aloxamento, presuposto, etc. Como se trata dunha viaxe cultural, comprerá incluír visitas a lugares de interese (monumentos, museos, exposicións) e familiarizarse con determinados aspectos da xeografía e da historia do país que van visitar.

Unha vez decidido o lugar da viaxe, os alumnos divídense en pequenos grupos de 4 ou 5. Cada un dos grupos terá un cometido: buscar as compañías aéreas e as tarifas máis baratas, percorrido, aloxamento, visitas, actividades de tempo libre (teatro, concertos, musicais), contactos de interese, financiación, etc.

Nunha situación ideal poderíase realizar esta viaxe ao final de curso ou do ciclo. De non ser o caso, os alumnos farían unha posta en común compartindo toda a información que foron recollendo. Tamén se podería facer unha pequena exposición con todo o material que se veu utilizando.

**Materiais necesarios:**

Mapas, catálogos, folletos e guías turísticas, páxinas web, teléfonos de oficinas de información, etc.

**Variacións e comentarios:**

Para as cuestións da xeografía e historia, será necesario contar coa colaboración do profesorado de esa área. Os programas de intercambio entre centros que cada vez son máis frecuentes poden servir como marco xeral para levar a cabo este tipo de experiencia.

De levarse a cabo o proxecto, pudiera ser interesante elaborar pequenas fichas ou follas de traballo para que os alumnos as completen durante a viaxe. Igualmente sería útil que os alumnos mantiveran un pequeno diario, contando as súas impresións e incluíndo aquilo que máis lles gustou ou consideraron máis atractivo.

*4.4. Valores de respecto, tolerancia e aceptación dos demais: interculturalidade*

É evidente que o estudo dunha lingua non se reduce de maneira exclusiva á aprendizaxe dun determinado código lingüístico ou dun inventario léxico apoiado nunhas estruturas lingüísticas, posto que tamén é necesario o achegamento á cultura da

lingua meta. Ninguén hoxe en día pon en dúbida a relación directa entre lingua e cultura. Unha lingua é unha ferramenta de comunicación pero ademáis é un sistema de representación e percepción da realidade.

En consoancia co anterior, o ensino dunha lingua non debe servir unicamente para que os alumnos aprendan a comunicarse con maior ou menor soltura e corrección senon que debe levar aparellada a introdución de aspectos fundamentais da cultura da comunidade onde se fala esa lingua. O estudante debe ser consciente da existencia de múltiples linguas no mundo de hoxe así como da importancia das mesmas como parte do patrimonio cultural universal. O estudo dunha lingua debe enton fomentar actitudes de tolerancia e respecto hacia a diferenza, debe abrir as mentes dos alumnos ao alleo co fin de que aprendan a valorar igualmente o propio na xusta medida.

Tanto o MCER como o PEL poñen un énfase especial neste aspecto, subliñando a necesidade de adquirir non só competencias lingüísticas senon tamén competencias interculturais<sup>9</sup>. A adquisición destas competencias interculturais permitiralles aos alumnos ter a capacidade de utilizar a lingua que están aprendendo en situacións culturais e sociais dadas. Por esta razón, nos distintos descritores de competencia lingüística do MCER repóllense, entre outros, os seguintes compoñentes destas competencias interculturais ás que facemos referencia:

- a) A necesidade de tomar consciencia das similitudes e diferenzas entre o noso mundo e o propio das persoas que proceden doutro ou teñen unha orixe distinta á nosa;
- b) A capacidade de entablar unha relación entre a nosa cultura e a cultura estranxeira;
- c) A sensibilización á noción xenérica de cultura, e a capacidade de identificar e utilizar estratexias co fin de relacionarse con persoas procedentes doutras culturas;
- d) A capacidade de xogar un papel de intermediario cultural entre a cultura propia e a cultura estranxeira, manexando con éxito situacións de conflito e superando posibles malentendidos xerados pola existencia de diferenzas culturais; e xa por último,

---

<sup>9</sup> Para unha maior profundización nos temas da interculturalidade e das competencias interculturais, recoméndanse Tomalin e Stempleski (1993), Kramsch (1993), Byram (1997), Byram e Fleming (2001) e Byram, Gribkova e Starkey (2002).

e) A capacidade de ir máis aló dos estereotipos e das percepcións preconcebidas.

A continuación presentamos dúas actividades deseñadas nesta liña e que servirán para fomentar a aprendizaxe das competencias interculturais.

### Enquisa sobre as linguas que nos rodean

**Obxectivos:**

Tomar conciencia da gran variedade das linguas coas que directa ou indirectamente estamos en contacto e despertar interese nas mesmas.

Fomentar actitudes de respecto e tolerancia na diversidade lingüística.

Facer reflectir aos alumnos sobre as relacións entre lingua e realidade cultural.

**Tipo de interacción:**

Nun principio o profesor explica a actividade a toda a clase; a continuación, todos os alumnos interactúan uns cos outros facéndose preguntas entre eles. O profesor pode tomar parte activa ao mesmo tempo que observa as dificultades que os alumnos se atopan para comentalas posteriormente.

**Desenvolvemento:**

Entrégase a cada alumno unha ficha cunha enquisa previamente elaborada. Os alumnos deben levantarse dos seus postos facéndose preguntas entre eles. Cando atopen unha persoa da clase que saiba a resposta, deben anotar o seu nome na casilla correspondente.

Co fin de favorecer o intercambio de información entre os alumnos, se lles pode dicir que unicamente poden facer 2 preguntas á mesma persoa. Aquel alumno que logre reunir o maior número de nomes será o gañador. É conveniente dar un tempo límite para a realización da actividade, por exemplo, 10 minutos co obxecto de que non se prolongue demasiado e os alumnos perdan interese.

Unha vez completado o exercicio, pásase a unha posta en común onde se verifican as respostas ás preguntas e se aproveita para introducir alguna información complementaria que se considere de interese.

**Materiais necesarios:**

Unha enquisa sinxela semellante á seguinte:

PREGUNTA	NOME DO ALUMNO
Atopa a alguén da clase que teña na casa un libro en portugués.	
Atopa a alguén da clase que teña un amigo que fale outra lingua que non sexa galego ou castelán..	
Atopa a alguén da clase que teña na súa casa un diccionario de inglés.	
Atopa a alguén da clase que saiba dicir o seu nome en 3 linguas diferentes.	
Atopa a alguén da clase que saiba contar en alemán ata 10.	
Atopa a alguén da clase que saiba 5 nomes de árbores en galego que sexan totalmente diferentes ao castelán, por exemplo, <i>maceira</i> .	
Atopa a alguén da clase que saiba dicir 5 nomes de persoas en ruso.	
Atopa a alguén da clase que saiba saudar en árabe.	
Atopa a alguén da clase que coñeza o nome de 3 platos típicos italianos.	
Atopa a alguén da clase que saiba o nome de 3 persoaxes famosas japonesas.	
Atopa a alguén da clase que saiba o nome dun obxecto, planta ou animal en castelán, galego, catalá e euskaro.	

**Variacións e comentarios:**

Tratase dunha actividade que non resulta nada complexa de preparar nin de poñela en práctica e coa que, sen embargo, se poden acadar resultados moi positivos. O profesor terá que decidir en qué lingua quere que se leve a cabo, dependendo da súa situación e do nivel que teñan os seus alumnos. Como alternativa á anterior, os alumnos poderían preparar unha táboa ou póster na que aparezan as linguas que falan os membros da clase, incluíndo tamén os ámbitos ou situacións nas que se usan.

Xogando ao trivial

**Obxectivos:**

Profundizar en determinados aspectos da cultura da lingua meta.

Chamar a atención do alumno sobre a importancia dos elementos culturais da comunidade da lingua que están aprendendo.

Estabelecer contrastes entre a cultura da lingua meta e a propia co fin de respectar e valorar as diferenzas.

**Tipo de interacción:**

O profesor imparte as instrucións a toda a clase para despois dividirse en grupos de 4 ou similar.

**Desenvolvemento:**

O profesor explica que van adicar as 2 próximas clases a aprender aspectos relacionados coa cultura da lingua que están aprendendo. Aquí entendese cultura nun sentido amplo, incluíndo hábitos e costumes, xeografía e historia, ordeamento político e xurídico, persoaxes famosas, economía, recursos naturais, letras e artes, etc. A continuación os alumnos organízanse en grupos de 4 ou similar. Cada grupo, coa axuda de bibliografía e doutras fontes de consulta como internet, elabora 10 preguntas sobre todos estos temas. O profesor revisa, corrixe e selecciona as máis interesantes de cada grupo, creando unha pequena base de datos. Unha vez completada esta etapa, os alumnos pasan a xogar nos mesmos grupos de antes como se dun trivial se tratara. O grupo que acerte máis preguntas será o gañador.

**Materiais necesarios:**

Tarxetas con batería de preguntas e respostas en torno á cultura da lingua meta.

**Variacións e comentarios:**

Nalgúns casos cómpre pór modelos de preguntas co fin de que os discentes teñan unha idea clara do que teñen que facer. Igualmente puidera ser necesario acotar o campo obxecto das preguntas para evitar dispersión de contidos.

#### *4.5. Aprendizaxe de linguas para toda a vida*

A aprendizaxe dunha lingua, non debe ter pola súa propia natureza límites no tempo. Estamos fronte a un tipo de aprendizaxe que non é secuencial e que non é comparable ao proceso que se segue en outras áreas curriculares. A aprendizaxe dunha lingua integra contidos gramaticais e léxicos pero tamén destrezas e competencias lingüísticas e interculturais. Tal como se explicaba máis arriba, de nada serve adicar longas horas de estudo durante una determinada etapa da vida dunha persoa se despois

este estudo se abondana parcial ou totalmente. Una lingua require unha práctica e atención continuada que non debe ter fronteiras no tempo.

O PEL chama especialmente sobre esta circunstancia e abonda na idea de que temos que seguir a estudar e reflectir sobre o que estudamos durante toda a vida pois será así como a uso da lingua será real e práctico, e obterá pleno sentido. O portfolio permite a través dos seus tres compoñentes, o pasaporte, biografía e dossier, manter a nosa experiencia lingüística totalmente viva e actualizada, e progresar na nosa aprendizaxe, fóra ou dentro da aula ou nun contexto académico ou informal.

A continuación propoñemos unha tarefa práctica nesta liña.

### Compartindo as experiencias lingüísticas e interculturais cos demais

#### **Obxectivos:**

Favorecer o interese pola lingua estranxeira nas distintas etapas da vida dunha persoa.

Promover a aprendizaxe continua da lingua estranxeira.

Potenciar a reflexión na aprendizaxe.

#### **Tipo de interacción:**

O profesor explica a toda a clase o propósito da actividade e da instrucións concretas sobre o procedemento a seguir. A continuación, os alumnos individualmente diríxense ao resto dos compañeiros.

#### **Desenvolvemento:**

O centro de interese deste exercicio será o dossier. Por esa razón na sesión anterior ao día da realización da actividade, o profesor insiste na necesidade de que teñan ordenado e actualizado o seu dossier posto que na clase seguinte van traballar con él. Chegado o día da clase os alumnos disporán de 10 minutos para seleccionar do seu dossier os 5 traballos, informes ou certificados que consideran poden ser de maior interese. A continuación cada alumno fai unha pequena presentación oral explicando as razóns da súa selección e aportando todos os detalles sobre cada un dos 5 elementos recollidos; unha vez rematada a presentación os demais compañeiros poden facer preguntas para que se lles aclare algunha cuestión ou simplemente obter máis información.

**Materiais necesarios:**

Neste caso os dossiers serán os únicos materiais que se necesitarán para completar a actividade.

**Variacións e comentarios:**

Co fin de rachar o xeo pode ser útil que un voluntario comece a actividade e se isto non fora posíbel, o profesor puidera iniciar as presentacións comentando o seu propio dossier. É importante que se valoren todas as achegas dos usuarios do PEL positivamente co fin de reforzar a súa autoestima e animarlo a continuar no seu estudo.

**5. Consideracións finais****Bibliografía**

- Byram, Michael (1997). *Teaching and Assessing Intercultural Communicative Competence*. Clevedon: Multilingual Matters.
- Byram, Michael e Fleming, Michael (2001). *Perspectivas interculturales en el aprendizaje de idiomas. Enfoques a través del teatro y de la etnografía*. Madrid: Cambridge University Press.
- Byram, Michael, Gribkova, Bella e Starkey, Hugo. (2002). *Developing the Intercultural Dimension in Language Teaching. A Practical Introduction for the Teachers' Use*. Estrasburgo: Consello de Europa.
- Cassany, Daniel. (2006). *El Portfolio Europeo de las Lenguas y sus aplicaciones en el aula*. Madrid: Ministerio de Educación.
- Conde, Gisela. (2006). “El Porfolio Europeo de las Lenguas: el proyecto europeo y su desarrollo en España”. *Carabela* 57:
- Consello de Europa. (2002). *Common European Framework for Languages: Teaching, Learning and Assessment*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Kramsch, Claire. (1993). *Context and Culture in Language Teaching*. Oxford: Oxford University Press.
- Little, David e Perclová, Radka. 2001. *European Language Portfolio. Guide for Teachers and Teacher Trainers*. Estrasburgo: Consello de Europa. (Existe tamén unha tradución ao español que data do 2003 ao cargo do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte).
- Palacios Martínez, Ignacio. (2004). “La enseñanza y el aprendizaje de lenguas extranjeras. Una perspectiva europea”, en Sagrario Salaberri (ed.) *Nuevas tendencias en la enseñanza de Lenguas Extranjeras*. Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, pp. 155-184.

- Palacios Martínez, Ignacio e Núñez Pertejo, Paloma (2005). “The Teaching of Foreign Languages in the Europe of the Twenty-first Century. The Common European Framework (CEF) and the European Language Portfolio (ELP)”, en María Jesús Lorenzo Modia (dir.), *All in All: A Plural View of Our Teaching and Learning*. A Coruña: Servicio de Publicacións da Universidade, pp. 197-210.
- Tomalin, Barry e Stempleski, Susan. 1993. *Cultural Awareness*. Oxford: Oxford University Press.